

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**SEMINARIO DE FÍSICA-QUÍMICA**

**C.P.I. PONTE CARREIRA (FRADES)**

**CURSO 2021 – 2022**

**Ángel Romar Lema**

**Xefe do seminario de Física - Química**

## a) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

### • O CENTRO E A SÚA CONTORNA.

O **CPI de Ponte Carreira** está encravado na localidade de Ponte Carreira (parroquia de Gafoi), situada ao surlleste do concello de **Frades**.

O centro consta de dous edificios. No edificio antigo escolarízase o alumnado de **educación infantil e educación primaria**. É un edificio de mala construción e con grandes deficiencias como a carencia de salón de actos.

O alumnado de **ESO** desenvolve as súas actividades educativas **nun centro** novo, de construción recente, **con características de IES**, pero que tamén carece de salón de actos e aula de idiomas; non obstante o resto das instalacións son suficientes, dado o número de alumnos que acolle (a metade para o que foi previsto).

O alumnado escolarizado pertence ao concello de Frades (agás a parroquia de Abellá) e as parroquias de Pastor (O Pino), San Romau (Oroso) e de Boado e Xanceda (Mesía)

Ainda que os dous edificios están no mesmo recinto escolar **os patios de recreo son independentes**. Cada un cunha pista polideportiva ao aire libre.

#### Espazos comúns:

- **Comedor no edificio de educación infantil e primaria**
- **Polideportivo municipal, ubicado entre os dous edificios.**

### CONTORNA SOCIOECONÓMICA.

- **Ubicación xeográfica:** medio rural no concello de Frades cunha poboación aproximada de 2700 habitantes, o CPI está situado na parroquia de Gafoi (300 habitantes).
- **Tipo de construción:** predomina a vivenda unifamiliar, con alpendres de labranza nas inmediacións. A calidade das construcións mellorou nos últimos tempos. Podemos afirmar que, aínda que algunha vivenda precisa mellorar as súas condicións de habitabilidade, a maioría son casas coidadas e cun confort dacordo aos tempos: calefacción, teléfono, ordenador, etc.
- **Ámbito socioeconómico:** a acomodación ás exixencias de competitividade do sector lácteo desencadeou unha gran reconversión deste, desaparecendo moitas explotacións gandeiras. Á crise agraria acompaña, tamén, a crise do sector téxtil que daba emprego, en tres empresas de Ponte Carreira, a unhas 80 mulleres. A día de hoxe unha pechou e as outras dúas están a ter importantes problemas para subsistir, derivados da globalización da actividade. Todo isto supón un freo que dificulta cada vez máis fixar poboación que, unido á baixa natalidade está a producir un descenso e avellantamento da mesma.
- **Infraestrutura de servizos:** Hai un parque en Ponte Carreira, biblioteca pública municipal (con horario reducido), pavillón municipal, centro médico, organizacións culturais nalgunhas parroquias como Gafoi, Moar e Galegos, piscina municipal (ao non ser cuberta só ten utilidade co bo tempo), un edificio de servizos múltiples.

## **TIPOLOXÍA DO CENTRO.**

O CPI de Ponte Carreira é un centro público, dependente da consellería de Educación e Ordenación Universitaria, coa oferta educativa que a continuación se relaciona:

- ....**ED. INFANTIL**
- ....**ED. PRIMARIA**
- ....**ESO.**
- ....**PT** (pedagogía terapéutica)

O colexio dispón de **transporte e comedor escolar**, que son utilizados por unha porcentaxe importante do alumnado,

Na **organización do comedor**, ademais de **persoal docente** participan **nais/pais de alumnos** como colaboradores.

En canto ao transporte, existen varios itinerarios realizados pola empresa GRABANXA.

## ***AS INSTALACIÓNS.***

### **Educación infantil e primaria:**

- 2 aulas de educación infantil
- 6 aulas de educación primaria
- 1 aula de música
- 1 aula de inglés
- 1 aula de informática
- 1 aula de psicomotricidade
- 1 laboratorio/aula de audiovisuais
- 1 biblioteca
- 1 aula de apoio (PT)
- 1 sala de profesorado
- 1 despacho para xefatura de estudos-secretaría
- 1 despacho de dirección
- patio
- polideportiva descuberta
- vivenda do conserxe (empregada como despensa almacén do comedor escolar)
- aseos: no interior do colexio e no patio

### **No de ESO:**

- 6 aulas
- 1 aula de recursos
- 1 aula de música
- 1 aula de debuxo
- 1 aula de informática
- 1 aula de tecnoloxía
- 1 laboratorio
- 1 biblioteca

- 1 sala de profesorado
- 6 departamentos (inc. orientación)
- 1 despacho de dirección
- 1 despacho de xefatura de estudos
- secretaría
- sala de reunións ANPA
- sala de reunións delegados
- patio
- polideportiva descuberta
- Aseos: no interior do colexio e no patio

#### **COMÚNS:**

- comedor no edificio de primaria
- pavillón municipal.

### ***CARACTERIZACIÓN DO CENTRO.***

#### **Confesionalidade.**

O centro será ideolóxica e confesionalmente neutro, potenciando o **respecto ao pluralismo**.

#### **Pluralismo e tolerancia.**

**Potenciación** constante do diálogo e do espírito crítico como canles favorecedoras da **comprensión**, da **tolerancia** e do **respecto**.

**Igualdade** de trato a todos os alumnos/as, **evitando** calquera tipo de **discriminación**.

**Atención especial a aqueles alumnos/as que presenten dificultades** de comunicación, de integración ou de rendemento académico, facendo un esforzo de aproximación á problemática do alumnado para actuar, segundo os casos: estimulando a participación nas actividades de grupo, valorando os traballos realizados e axustando os contidos á súa capacidade. Da mesma maneira, prestarase especial atención ao alumnado con capacidades superiores, estimulando os seus intereses e desenvolvendo o seu potencial.

**Desenrolo do currículo a partir da realidade do alumnado**, valorando e potenciando a súa cultura, facendo del o centro activo de todas as actividades a desenvolver no centro.

#### **Lingua de aprendizaxe.**

**A lingua materna é a galega, polo tanto esta será a lingua básica de aprendizaxe**, respectando sempre a normativa vixente . **Será o galego a lingua de uso normal na comunicación**, sempre no respecto á lingua castelá, da que se procurará o seu dominio por parte do alumnado ao remate do ensino obrigatorio

## **b) CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

- **Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)**

O alumnado enfrontarase á procura, interpretación, organización e selección de información. O alumnado desenvolverá a capacidade de transmitir a información, datos e ideas sobre o mundo no que viven empregando una terminoloxía específica e elaborando un discurso científico acorde aos coñecementos adquiridos.

- **Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT)**

A maior parte dos contidos da materia de Física e Química teñen unha incidencia directa na adquisición das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. A Física e a Química como disciplinas científicas baséanse na observación e interpretación do mundo físico e na interacción responsable co medio natural. Na aprendizaxe destas disciplinas empregaranse métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas.

A competencia matemática está intimamente asociada ás aprendizaxes da materia, xa que implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e empregar ferramentas matemáticas para describir, predicir e representar distintos fenómenos no seu contexto.

- **Competencia Dixital (CD)**

O alumnado empregara recursos dixitais para a elaboración de traballos científicos con procura, selección, procesamento e presentación da información.

Tamén empregará aplicacións virtuais interactivas para realizar experiencias prácticas.

- **Competencia Aprender a Aprender (CAA)**

As estruturas metodolóxicas que o alumnado adquire a través do método científico serviralle para discriminar e estruturar as informacións que recibe na súa vida diaria.

- **Competencias Sociais e Cívicas (CSC)**

O alumnado aproveitará o método científico para comprender os beneficios do traballo en equipo.

Tamén comprenderá a importancia no traballo científico dos criterios éticos fronte a problemas relacionados co impacto das ciencias e da tecnoloxía no noso contorno: conservación de recursos, cuestións ambientais, etc.

- **Competencia de Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE)**

Propoñeranse ao alumnado situacións nas que sexa necesario tomar decisións desde un pensamento e espírito crítico. Desta forma, desenvolverá capacidades, destrezas e habilidades, tales como a creatividade e a imaxinación, para elixir, organizar e xestionar os seus coñecementos na consecución dun obxectivo como a elaboración dun proxecto de investigación, o deseño dunha actividade experimental ou un traballo en equipo.

- **Competencia en Conciencia e Expresións Culturais (CCEC)**

O alumnado valorará a importancia dos avances científicos no desenvolvemento do mundo e as aportacións dos científicos máis influentes ao longo da historia.

\* **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL COMPETENCIAL**

**2º E..S.O.**

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	
Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)	
Nº	Estándares de aprendizaxe
1	FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.
2	FQB1.1.2. Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunícaos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.
3	FQB1.4.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.
4	FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.
5	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.
6	FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.
7	FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos.
8	FQB4.8.1. Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitacional e os fenómenos asociados a ela.
9	FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.
Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT)	
Nº	Estándares de aprendizaxe
1	FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.
2	FQB1.1.2. Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunícaos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.
3	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.
4	FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.
5	FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.
6	FQB1.4.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.
7	FQB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.
8	FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de

	divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.
9	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.

10	FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.
11	FQB2.1.2. Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles.
12	FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.
13	FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.
14	FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.
15	FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns.
16	FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias.
17	FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiás, en relación co modelo cinético-molecular.
18	FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.
19	FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.
20	FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.
21	FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.
22	FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.
23	FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias.
24	FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos.
25	FQB3.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.
26	FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.
27	FQB3.3.1. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética.
28	FQB3.3.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.
29	FQB3.4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global.

30	FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.
31	FQB4.1.2. Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental.
32	FQB4.1.3. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.
33	FQB4.1.4. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do Sistema Internacional.
34	FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado.
35	FQB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.
36	FQB4.3.1. Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.
37	FQB4.3.2. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.
38	FQB4.4.1. Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples considerando a forza e a distancia ao eixe de xiro, e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas.
39	FQB4.5.1. Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos.
40	FQB4.6.1. Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.

41	FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.
42	FQB4.6.3. Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous corpos.
43	FQB4.7.1. Relaciona cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos, interpretando os valores obtidos.
44	FQB4.8.1. Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitacional e os fenómenos asociados a ela.
45	FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.
46	FQB5.1.2. Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do Sistema Internacional.
47	FQB5.2.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas noutras.
48	FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor.
49	FQB5.3.2. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas Celsius e kelvin.
50	FQB5.3.3. Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndoos en



	situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de quecemento.
51	FQB5.4.1. Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc.
52	FQB5.4.2. Explica a escala Celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil.
53	FQB5.4.3. Interpreta cualitativamente fenómenos cotiáns e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas.
54	FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.
Competencia Dixital (CD)	
Nº	Estándares de aprendizaxe
1	FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.
2	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións
3	FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado.
4	FQB4.8.1. Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitacional e os fenómenos asociados a ela.
Competencia Aprender a Aprender (CAA)	
Nº	Estándares de aprendizaxe
1	FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.
2	FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.
3	FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.
4	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.
5	FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.
6	FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.
7	FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.
8	FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado.
9	FQB5.3.3. Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndoo en situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de quecemento.

Competencias Sociais e Cívicas (CSC)	
Nº	Estándares de aprendizaxe
1	FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.
2	FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.
3	FQB3.3.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.
4	FQB3.4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global.
5	FQB5.3.3. Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndoo en situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de quecemento.
6	FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.
Competencia de Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE)	
Nº	Estándares de aprendizaxe
1	FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.
2	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.
3	FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.
4	FQB3.4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global.
5	FQB4.8.1. Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitacional e os fenómenos asociados a ela.
Competencia en Conciencia e Expresións Culturais (CCEC)	
Nº	Estándares de aprendizaxe
1	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.
2	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.

Tendo en conta o número de estándares que contribúen a cada unha das competencias e que en total hai 56 estándares avaliados obtemos o seguinte perfil competencial de área que nos indica o peso de cada competencia na materia de Física e Química de 2º ESO.

	Nº estándares	%
Competencia en Comunicación Lingüística	9	16,1
Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía	54	96,4
Competencia Dixital	4	7,1
Competencia Aprender a Aprender	9	16,1
Competencias Sociais e Cívicas	6	10,7
Competencia de Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor	5	8,9
Competencia en Conciencia e Expresións Culturais	2	3,6

### 3º E.S.O.

- **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL COMPETENCIAL**

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)	
Nº	Estándares de aprendizaxe
1	FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunica oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.
2	FQB1.5.1. Selecciona, comprende e interpreta información salientable nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.
3	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.
4	FQB2.5.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital.
5	FQB2.6.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios seguindo as normas IUPAC.
6	FQB4.5.1. Realiza un informe, empregando as TIC, a partir de observacións ou busca guiada de información que relacione as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.
7	FQB5.1.2. Analiza o predominio das fontes de enerxía convencionais fronte ás alternativas, e argumenta os motivos polos que estas últimas aínda non están suficientemente explotadas.
Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT)	
Nº	Estándares de aprendizaxe
1	FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.
2	FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunica oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.
3	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.
4	FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente.
5	FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.
6	FQB1.4.1. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.
7	FQB1.5.1. Selecciona, comprende e interpreta información salientable nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.
8	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.
9	FQB2.1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario.
10	FQB2.1.2. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.
11	FQB2.1.3. Relaciona a notación ${}^A_Z X$ co número atómico e o número másico, determinando o número de cada tipo de partículas subatómicas básicas.

12	FQB2.2.1. Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a súa xestión.
13	FQB2.3.1. Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica.
14	FQB2.3.2. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo.
15	FQB2.4.1. Explica o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente, utilizando a notación adecuada para a súa representación.
16	FQB2.4.2. Explica como algúns átomos tenden a agruparse para formar moléculas interpretando este feito en substancias de uso frecuente, e calcula as súas masas moleculares.
17	FQB2.5.1. Recoñece os átomos e as moléculas que compoñen substancias de uso frecuente, e clasifícaaas en elementos ou compostos, baseándose na súa fórmula química.
18	FQB2.5.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital.
19	FQB2.6.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios seguindo as normas IUPAC.
20	FQB3.1.1. Representa e interpreta unha reacción química a partir da teoría atómico-molecular e a teoría de colisións.
21	FQB3.2.1. Recoñece os reactivos e os produtos a partir da representación de reaccións químicas sinxelas, e comproba experimentalmente que se cumpre a lei de conservación da masa.
22	FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos necesarios para a verificación da lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas.
23	FQB3.3.1. Propón o desenvolvemento dun experimento sinxelo que permita comprobar o efecto da concentración dos reactivos na velocidade de formación dos produtos dunha reacción química, e xustifica este efecto en termos da teoría de colisións.
24	FQB3.3.2. Interpreta situacións cotiás en que a temperatura inflúa significativamente na velocidade da reacción.
25	FQB3.4.1. Describe o impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre, os óxidos de nitróxeno e os CFC e outros gases de efecto invernadoiro, en relación cos problemas ambientais de ámbito global.
26	FQB3.4.2. Defende razoadamente a influencia que o desenvolvemento da industria química tivo no progreso da sociedade, a partir de fontes científicas de distinta procedencia.
27	FQB4.1.1. Explica a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, e asocia a carga eléctrica dos corpos cun exceso ou defecto de electróns.
28	FQB4.1.2. Relaciona cualitativamente a forza eléctrica que existe entre dous corpos coa súa carga e a distancia que os separa, e establece analogías e diferenzas entre as forzas gravitatoria e eléctrica.
29	FQB4.2.1. Xustifica razoadamente situacións cotiás nas que se poñan de manifesto fenómenos relacionados coa electricidade estática.
30	FQB4.3.1. Recoñece fenómenos magnéticos identificando o imán como fonte natural do magnetismo, e describe a súa acción sobre distintos tipos de substancias magnéticas.
31	FQB4.3.2. Constrúe un compás elemental para localizar o norte empregando o campo magnético terrestre, e describe o procedemento seguido para facelo.
32	FQB4.4.1. Comproba e establece a relación entre o paso de corrente eléctrica e o magnetismo, construindo un electroimán.
33	FQB4.4.2. Reproduce os experimentos de Oersted e de Faraday no laboratorio ou mediante simuladores virtuais, deducindo que a electricidade e o magnetismo son dúas manifestacións

	dun mesmo fenómeno.
34	FQB4.5.1. Realiza un informe, empregando as TIC, a partir de observacións ou busca guiada de información que relacione as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.
35	FQB5.1.1. Compara as principais fontes de enerxía de consumo humano a partir da distribución xeográfica dos seus recursos e os efectos ambientais.
36	FQB5.1.2. Analiza o predominio das fontes de enerxía convencionais fronte ás alternativas, e argumenta os motivos polos que estas últimas aínda non están suficientemente explotadas.
37	FQB5.2.1. Interpreta datos comparativos sobre a evolución do consumo de enerxía mundial, e propón medidas que poidan contribuír ao aforro individual e colectivo.
38	FQB5.3.1. Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor.
39	FQB5.3.2. Comprende o significado das magnitudes eléctricas de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, e relaciónaa entre si empregando a lei de Ohm.
40	FQB5.3.3. Distingue entre condutores e illantes, e recoñece os principais materiais usados como tales.
41	FQB5.4.1. Describe o fundamento dunha máquina eléctrica na que a electricidade se transforma en movemento, luz, son, calor, etc., mediante exemplos da vida cotiá, e identifica os seus elementos principais.

42	FQB5.4.2. Constrúe circuítos eléctricos con diferentes tipos de conexións entre os seus elementos, deducindo de forma experimental as consecuencias da conexión de xeradores e receptores en serie ou en paralelo.
43	FQB5.4.3. Aplica a lei de Ohm a circuítos sinxelos para calcular unha das magnitudes involucradas a partir das outras dúas, e expresa o resultado en unidades do Sistema Internacional.
44	FQB5.4.4. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para simular circuítos e medir as magnitudes eléctricas.
45	FQB5.5.1. Asocia os elementos principais que forman a instalación eléctrica típica dunha vivenda cos compoñentes básicos dun circuíto eléctrico.
46	FQB5.5.2. Comprende o significado dos símbolos e das abreviaturas que aparecen nas etiquetas de dispositivos eléctricos.
47	FQB5.5.3. Identifica e representa os compoñentes máis habituais nun circuíto eléctrico (condutores, xeradores, receptores e elementos de control) e describe a súa correspondente función.
48	FQB5.5.4. Recoñece os compoñentes electrónicos básicos e describe as súas aplicacións prácticas e a repercusión da miniaturización do microchip no tamaño e no prezo dos dispositivos.
49	FQB5.6.1. Describe o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacenaxe desta.
Competencia Dixital (CD)	
Nº	Estándares de aprendizaxe
1	FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.
2	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.
3	FQB2.5.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital.

4	FQB4.4.2. Reproduce os experimentos de Oersted e de Faraday no laboratorio ou mediante simuladores virtuais, deducindo que a electricidade e o magnetismo son dúas manifestacións dun mesmo fenómeno.
5	FQB4.5.1. Realiza un informe, empregando as TIC, a partir de observacións ou busca guiada de información que relacione as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.
6	FQB5.4.4. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para simular circuitos e medir as magnitudes eléctricas.
Competencia Aprender a Aprender (CAA)	
Nº	Estándares de aprendizaxe
1	FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.
2	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.
3	FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.
4	FQB1.5.1. Selecciona, comprende e interpreta información salientable nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.
5	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.
6	FQB2.5.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital.
7	FQB5.4.2. Constrúe circuitos eléctricos con diferentes tipos de conexións entre os seus elementos, deducindo de forma experimental as consecuencias da conexión de xeradores e receptores en serie ou en paralelo.
Competencias Sociais e Cívicas (CSC)	
Nº	Estándares de aprendizaxe
1	FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.
2	FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.
3	FQB2.2.1. Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a súa xestión.
4	FQB3.4.1. Describe o impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre, os óxidos de nitróxeno e os CFC e outros gases de efecto invernadoiro, en relación cos problemas ambientais de ámbito global.
5	FQB3.4.2. Defende razoadamente a influencia que o desenvolvemento da industria química tivo no progreso da sociedade, a partir de fontes científicas de distinta procedencia.
6	FQB5.1.1. Compara as principais fontes de enerxía de consumo humano a partir da distribución xeográfica dos seus recursos e os efectos ambientais.

Competencia de Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE)	
Nº	Estándares de aprendizaxe
1	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo

	aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.
2	FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.
3	FQB2.5.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital.
4	FQB4.3.2. Constrúe un compás elemental para localizar o norte empregando o campo magnético terrestre, e describe o procedemento seguido para facelo.
5	FQB4.5.1. Realiza un informe, empregando as TIC, a partir de observacións ou busca guiada de información que relacione as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.
6	FQB5.2.1. Interpreta datos comparativos sobre a evolución do consumo de enerxía mundial, e propón medidas que poidan contribuír ao aforro individual e colectivo.
Competencia en Conciencia e Expresións Culturais (CCEC)	
Nº	Estándares de aprendizaxe
1	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.
2	FQB2.1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario.
3	FQB4.1.2. Relaciona cualitativamente a forza eléctrica que existe entre dous corpos coa súa carga e a distancia que os separa, e establece analogías e diferenzas entre as forzas gravitatoria e eléctrica.

Tendo en conta o número de estándares que contribúen a cada unha das competencias e que en total hai 51 estándares avaliados obtemos o seguinte perfil competencial de área que nos indica o peso de cada competencia na materia de Física e Química de 3º ESO.

	Nº estándares	%
Competencia en Comunicación Lingüística	7	13,7
Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía	49	96,1
Competencia Dixital	6	11,8
Competencia Aprender a Aprender	7	13,7
Competencias Sociais e Cívicas	6	11,8
Competencia de Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor	6	11,8
Competencia en Conciencia e Expresións Culturais	3	5,9

#### 4º E.S.O.

- **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL COMPETENCIAL**

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
--



Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)	
Nº	Estándares de aprendizaxe
1	FQB1.1.1. Describe feitos históricos relevantes nos que foi definitiva a colaboración de científicos/as de diferentes áreas de coñecemento.
2	FQB1.1.2. Argumenta con espírito crítico o grao de rigor científico dun artigo ou dunha noticia, analizando o método de traballo e identificando as características do traballo científico.
3	FQB1.8.1. Elabora e defende un proxecto de investigación sobre un tema de interese científico, empregando as TIC.
4	FQB1.9.1. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.
5	FQB1.9.2. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica utilizando as TIC.
6	FQB2.6.1. Nomea e formula compostos inorgánicos ternarios, seguindo as normas da IUPAC.
7	FQB4.5.2. Deseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos.
8	FQB5.5.2. Realiza un traballo sobre a importancia histórica do motor de explosión e preséntao empregando as TIC.
9	FQB5.6.2. Emprega simulacións virtuais interactivas para determinar a degradación da enerxía en diferentes máquinas, e expón os resultados empregando as TIC.
Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT)	
Nº	Estándares de aprendizaxe
1	FQB1.1.1. Describe feitos históricos relevantes nos que foi definitiva a colaboración de científicos/as de diferentes áreas de coñecemento.
2	FQB1.1.2. Argumenta con espírito crítico o grao de rigor científico dun artigo ou dunha noticia, analizando o método de traballo e identificando as características do traballo científico.
3	FQB1.2.1. Distingue entre hipóteses, leis e teorías, e explica os procesos que corroboran unha hipótese e a dotan de valor científico.
4	FQB1.3.1. Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial e describe os elementos que definen esta última.
5	FQB1.4.1. Comproba a homoxeneidade dunha fórmula aplicando a ecuación de dimensións aos dous membros.
6	FQB1.5.1. Calcula e interpreta o erro absoluto e o erro relativo dunha medida coñecido o valor real.
7	FQB1.6.1. Calcula e expresa correctamente o valor da medida, partindo dun conxunto de valores resultantes da medida dunha mesma magnitude, utilizando as cifras significativas adecuadas.
8	FQB1.7.1. Representa graficamente os resultados obtidos da medida de dúas magnitudes relacionadas inferindo, de ser o caso, se se trata dunha relación lineal, cuadrática ou de proporcionalidade inversa, e deducindo a fórmula.
9	FQB1.8.1. Elabora e defende un proxecto de investigación sobre un tema de interese científico, empregando as TIC.
10	FQB1.9.1. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.

11	FQB1.9.2. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica utilizando as TIC.
12	FQB2.1.1. Compara os modelos atómicos propostos ao longo da historia para interpretar a natureza íntima da materia, interpretando as evidencias que fixeron necesaria a evolución destes.
13	FQB2.1.2. Utiliza as TIC ou aplicacións interactivas para visualizar a representación da estrutura da materia nos diferentes modelos atómicos.
14	FQB2.2.1. Establece a configuración electrónica dos elementos representativos a partir do seu número atómico para deducir a súa posición na táboa periódica, os seus electróns de valencia e o seu comportamento químico.
15	FQB2.2.2. Distingue entre metais, non metais, semimetais e gases nobres, e xustifica esta clasificación en función da súa configuración electrónica.
16	FQB2.3.1. Escribe o nome e o símbolo dos elementos químicos, e sitúaos na táboa periódica.
17	FQB2.4.1. Utiliza a regra do octeto e diagramas de Lewis para predicir a estrutura e a fórmula dos compostos iónicos e covalentes.
18	FQB2.4.2. Interpreta a información que ofrecen os subíndices da fórmula dun composto segundo se trate de moléculas ou redes cristalinas.
19	FQB2.5.1. Explica as propiedades de substancias covalentes, iónicas e metálicas en función das interaccións entre os seus átomos ou as moléculas.
20	FQB2.5.2. Explica a natureza do enlace metálico utilizando a teoría dos electróns libres, e relaciónaa coas propiedades características dos metais.
21	FQB2.5.3. Deseña e realiza ensaios de laboratorio que permitan deducir o tipo de enlace presente nunha substancia descoñecida.
22	FQB2.6.1. Nomea e formula compostos inorgánicos ternarios, seguindo as normas da IUPAC.
23	FQB2.7.1. Xustifica a importancia das forzas intermoleculares en substancias de interese biolóxico.
24	FQB2.7.2. Relaciona a intensidade e o tipo das forzas intermoleculares co estado físico e os puntos de fusión e ebulición das substancias covalentes moleculares, interpretando gráficos ou táboas que conteñan os datos necesarios.
25	FQB2.8.1. Explica os motivos polos que o carbono é o elemento que forma maior número de compostos.
26	FQB2.8.2. Analiza as formas alotrópicas do carbono, relacionando a estrutura coas propiedades.
27	FQB2.9.1. Identifica e representa hidrocarburos sinxelos mediante a súa fórmula molecular, semidesenvolvida e desenvolvida.
28	FQB2.9.2. Deduce, a partir de modelos moleculares, as fórmulas usadas na representación de hidrocarburos.
29	FQB2.9.3. Describe as aplicacións de hidrocarburos sinxelos de especial interese.
30	FQB2.10.1. Recoñece o grupo funcional e a familia orgánica a partir da fórmula de alcohois, aldehidos, cetonas, ácidos carboxílicos, ésteres e aminas.
31	FQB3.1.1. Interpreta reaccións químicas sinxelas utilizando a teoría de colisións, e deduce a lei de conservación da masa.
32	FQB3.2.1. Predí o efecto que sobre a velocidade de reacción teñen a concentración dos reactivos, a temperatura, o grao de división dos reactivos sólidos e os catalizadores.
33	FQB3.2.2. Analiza o efecto dos factores que afectan a velocidade dunha reacción química, sexa a través de experiencias de laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas nas que a manipulación das variables permita extraer conclusións.
34	FQB3.3.1. Determina o carácter endotérmico ou exotérmico dunha reacción química analizando o signo da calor de reacción asociada.
35	FQB3.4.1. Realiza cálculos que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro.

36	FQB3.5.1. Interpreta os coeficientes dunha ecuación química en termos de partículas e moles e, no caso de reaccións entre gases, en termos de volumes.
37	FQB3.5.2. Resolve problemas, realizando cálculos estequiométricos, con reactivos puros e supondo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como se están en disolución.
38	FQB3.6.1. Utiliza a teoría de Arrhenius para describir o comportamento químico de ácidos e bases.
39	FQB3.6.2. Establece o carácter ácido, básico ou neutro dunha disolución utilizando a escala de pH.
40	FQB3.7.1. Deseña e describe o procedemento de realización dunha volumetría de neutralización entre un ácido forte e unha base forte, e interpreta os resultados.
41	FQB3.7.2. Planifica unha experiencia e describe o procedemento para seguir no laboratorio que demostre que nas reaccións de combustión se produce dióxido de carbono mediante a detección deste gas.
42	FQB3.7.3. Realiza algunhas experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión ou neutralización.
43	FQB3.8.1. Describe as reaccións de síntese industrial do amoníaco e do ácido sulfúrico, así como os usos destas substancias na

	industria química.
44	FQB3.8.2. Valora a importancia das reaccións de combustión na xeración de electricidade en centrais térmicas, na automoción e na respiración celular.
45	FQB3.8.3. Describe casos concretos de reaccións de neutralización de importancia biolóxica e industrial.
46	FQB4.1.1. Representa a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento, utilizando un sistema de referencia.
47	FQB4.2.1. Clasifica tipos de movementos en función da súa traxectoria e a súa velocidade.
48	FQB4.2.2. Xustifica a insuficiencia do valor medio da velocidade nun estudo cualitativo do movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA), e razoa o concepto de velocidade instantánea.
49	FQB4.3.1. Deduce as expresións matemáticas que relacionan as variables nos movementos rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), así como as relacións entre as magnitudes lineais e angulares.
50	FQB4.4.1. Resolve problemas de movemento rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), incluíndo movemento de graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresar o resultado en unidades do Sistema Internacional.
51	FQB4.4.2. Determina tempos e distancias de freada de vehículos e xustifica, a partir dos resultados, a importancia de manter a distancia de seguridade na estrada.
52	FQB4.4.3. Argumenta a existencia do vector aceleración en calquera movemento curvilíneo e calcula o seu valor no caso do movemento circular uniforme.
53	FQB4.5.1. Determina o valor da velocidade e a aceleración a partir de gráficas posición-tempo e velocidade-tempo en movementos rectilíneos.
54	FQB4.5.2. Deseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos.
FQB4.4.1. Resolve problemas de movemento rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), incluíndo movemento de	Resolve problemas de movemento rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), incluíndo movemento de	X		2	Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita

graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresar o resultado en unidades do	conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresar o resultado en					
--	---	--	--	--	--	--

Sistema Internacional.	unidades do Sistema Internacional.					
FQB4.4.2. Determina tempos e distancias de freada de vehículos e xustifica, a partir dos resultados, a importancia de manter a distancia de seguridade na estrada.	Determina tempos e distancias de freada de vehículos e relacións coa seguridade vial.		X		1	Observación directa, proba escrita  Lista de control, corrección da proba escrita
FQB4.4.3. Argumenta a existencia do vector aceleración en calquera movemento curvilíneo e calcula o seu valor no caso do movemento circular uniforme.	Coñece a existencia do vector aceleración en calquera movemento curvilíneo e calcula o seu valor no caso do movemento circular uniforme.		X		1	Observación directa, proba escrita  Lista de control, corrección da proba escrita
FQB4.5.1. Determina o valor da velocidade e a aceleración a partir de gráficas posición-tempo e velocidade-tempo en movementos rectilíneos.	Determina o valor da velocidade e a aceleración a partir de gráficas posición-tempo e velocidade-tempo en movementos rectilíneos.		X		1	Observación directa, proba escrita  Lista de control, corrección da proba escrita
FQB4.5.2. Deseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos.	Describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos.		X		1	Informe de laboratorio, observación directa  Rúbrica do informe de laboratorio, lista de control
FQB4.6.1. Identifica as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai	Identifica as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai cambios na		X		1	Observación directa, proba escrita  Lista de control, corrección da proba escrita



cambios na velocidade dun corpo.	velocidade dun corpo.						
FQB4.6.2. Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos de movementos rectilíneos e circulares.	Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos de movementos rectilíneos e circulares.			X	1	Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB4.7.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.	Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.			X	2	Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB4.8.1. Interpreta fenómenos cotiáns en termos das leis de Newton.	Interpreta algún fenómeno cotián en termos das leis de Newton.			X	2	Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB4.8.2. Deduce a primeira lei de Newton como consecuencia do enunciado da segunda lei.	Deduce a primeira lei de Newton como consecuencia do enunciado da segunda lei.			X	1	Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB4.8.3. Representa e interpreta as forzas de acción e reacción en situacións de interacción	Representa e interpreta as forzas de acción e reacción en situacións de interacción entre			X	1	Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita

entre obxectos.	obxectos.						
FQB4.9.1. Xustifica o motivo polo que as forzas de atracción gravitatoria só se poñen de manifesto para obxectos moi masivos, comparando os resultados obtidos de aplicar a lei da gravitación universal ao	Xustifica o motivo polo que as forzas de atracción gravitatoria só se poñen de manifesto para obxectos moi masivos, comparando os resultados obtidos de aplicar a lei da gravitación universal			X	1	Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita

cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos.	ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos.					
FQB4.9.2. Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria.	Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria.		X	1	Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB4.10.1. Razona o motivo polo que as forzas gravitatorias producen nalgúns casos movementos de caída libre e noutros casos movementos orbitais.	Razona o motivo polo que as forzas gravitatorias producen nalgúns casos movementos de caída libre e noutros casos movementos orbitais.		X	1	Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB4.11.1. Describe as aplicacións dos satélites artificiais en telecomunicacións, predición meteorolóxica, posicionamento global, astronomía e cartografía, así como os riscos derivados do lixo espacial que xeran.	Describe algunha das aplicacións dos satélites artificiais e os riscos derivados do lixo espacial que xeran.		X	0,5	Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB4.12.1. Interpreta fenómenos e aplicacións prácticas nas que se pon de manifesto a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto resultante.	Interpreta algún fenómeno no que se pon de manifesto a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto resultante.		X	1	Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB4.12.2. Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto regular en distintas situacións nas que varía a superficie en que se apoia; compara os resultados e extrae conclusións.	Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto regular en distintas situacións nas que varía a superficie en que se apoia e interpreta os resultados.		X	1	Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB4.13.1. Xustifica razoadamente fenómenos en que se	Xustifica razoadamente un fenómeno no que se		X	1	Observación directa, proba	Lista de control,

poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera.	poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera ou da atmosfera.					escrita	corrección da proba escrita
FQB4.13.2. Explica o abastecemento de auga potable, o deseño dunha presa e as aplicacións do sifón, utilizando o principio fundamental da hidrostática.	Explica o abastecemento de auga potable e o deseño dunha presa, utilizando o principio fundamental da hidrostática.		X	1		Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB4.13.3. Resolve problemas relacionados coa presión no interior dun fluído aplicando o principio fundamental da hidrostática.	Resolve problemas relacionados coa presión no interior dun fluído aplicando o principio fundamental da hidrostática.		X	1		Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita

FQB4.13.4. Analiza aplicacións prácticas baseadas no principio de Pascal, como a prensa hidráulica, o elevador, ou a dirección e os freos hidráulicos, aplicando a expresión matemática deste principio á resolución de problemas en contextos prácticos.	Analiza a aplicacións prácticas do principio de Pascal na prensa hidráulica e nos freos hidráulicos, aplicando a expresión matemática deste principio á resolución de problemas en contextos prácticos.		X	1		Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB4.13.5. Predí a maior ou menor flotabilidade de obxectos utilizando a expresión matemática do principio de Arquímedes, e verifícaa experimentalmente nalgún caso.	Predí a maior ou menor flotabilidade de obxectos utilizando a expresión matemática do principio de Arquímedes.		X	2		Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB4.14.1. Comproba experimentalmente ou utilizando aplicacións virtuais interactivas a relación entre presión hidrostática e	Comproba experimentalmente ou utilizando aplicacións virtuais interactivas a relación entre presión hidrostática e		X	0,5		Informe de laboratorio, observación directa	Rúbrica do informe de laboratorio, lista de

profundidade en fenómenos como o paradoxo hidrostático, o tonel de Arquímedes e o principio dos vasos comunicantes.	profundidade en fenómenos como o paradoxo hidrostático, o tonel de Arquímedes e o principio dos vasos comunicantes.					control
FQB4.14.2. Interpreta o papel da presión atmosférica en experiencias como o experimento de Torricelli, os hemisferios de Magdeburgo, recipientes invertidos onde non se derrama o contido, etc., inferindo o seu elevado valor.	Interpreta o papel da presión atmosférica no experimento de Torricelli.		X	1	Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB4.14.3. Describe o funcionamento básico de barómetros e manómetros, e xustifica a súa utilidade en diversas aplicacións prácticas.	Describe o funcionamento básico de barómetros e manómetros, e xustifica a súa utilidade en diversas aplicacións prácticas.		X	1	Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB4.15.1. Relaciona os fenómenos atmosféricos do vento e a formación de frentes coa diferenza de presións atmosféricas entre distintas zonas.	Relaciona os fenómenos atmosféricos do vento e a formación de frentes coa diferenza de presións atmosféricas entre distintas zonas.		X	1	Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB4.15.2. Interpreta os mapas de isóbaras que se amosan no prognóstico do tempo, indicando o significado da simboloxía e os datos que aparecen nestes.	Interpreta os mapas de isóbaras que se amosan no prognóstico do tempo, indicando o significado da simboloxía e os datos que aparecen nestes.		X	1	Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB5.1.1. Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.	Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.		X	2	Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB5.1.2. Determina a enerxía disipada en	Determina a enerxía disipada en		X	1	Observación directa, proba	Lista de control,

forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica.	forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica.					escrita	corrección da proba escrita
---	---	--	--	--	--	---------	-----------------------------

FQB5.2.1. Identifica a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía, distinguindo as acepcións coloquiais destes termos do seu significado científico.	Identifica a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía, distinguindo as acepcións coloquiais destes termos do seu significado científico.		X	1	Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB5.2.2. Recoñece en que condicións un sistema intercambia enerxía en forma de calor ou en forma de traballo.	Recoñece en que condicións un sistema intercambia enerxía en forma de calor ou en forma de traballo.		X	1	Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB5.3.1. Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións en que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV.	Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións en que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV.		X	1	Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB5.4.1. Describe as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía, determinar a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada e para un cambio de estado, e representar graficamente estas transformacións.	Determina a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada e para un cambio de estado, e representa graficamente estas transformacións.		X	1	Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB5.4.2. Calcula a enerxía transferida	Calcula a enerxía transferida entre corpos		X	2	Observación	Lista de control,

entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico.	a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico.					directa, proba escrita	corrección da proba escrita
FQB5.4.3. Relaciona a variación da lonxitude dun obxecto coa variación da súa temperatura utilizando o coeficiente de dilatación lineal correspondente.	Relaciona a variación da lonxitude dun obxecto coa variación da súa temperatura utilizando o coeficiente de dilatación lineal correspondente.		X	1		Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB5.4.4. Determina experimentalmente calores específicas e calores latentes de substancias mediante un calorímetro, realizando os cálculos necesarios a partir dos datos empíricos obtidos.	Determina experimentalmente calores específicas e calores latentes de substancias mediante un calorímetro, realizando os cálculos necesarios a partir dos datos empíricos obtidos.		X	1		Informe de laboratorio, observación directa	Rúbrica do informe de laboratorio, lista de control
FQB5.5.1. Explica ou interpreta, mediante ilustracións ou a partir delas, o fundamento do funcionamento do motor de explosión.	Explica ou interpreta, mediante ilustracións ou a partir delas, o fundamento do funcionamento do motor de explosión.		X	1		Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita
FQB5.5.2. Realiza un traballo sobre a importancia histórica do motor de explosión e preséntao empregando as TIC.	Realiza un traballo sobre a importancia histórica do motor de explosión e preséntao empregando as TIC.		X	1		Presentación dixital	Rúbrica da presentación dixital
FQB5.6.1. Utiliza o concepto da degradación da enerxía para relacionar a enerxía absorbida e o	Utiliza o concepto da degradación da enerxía para relacionar a enerxía absorbida e o traballo		X	1		Observación directa, proba escrita	Lista de control, corrección da proba escrita

traballo realizado por unha máquina térmica.	realizado por unha máquina térmica.						
FQB5.6.2. Emprega simulacións virtuais interactivas para determinar a degradación da enerxía en diferentes	Emprega simulacións virtuais interactivas para determinar a degradación da enerxía en diferentes		X	1		Presentación dixital	Rúbrica da presentación dixital

máquinas, e expón os resultados empregando as TIC.	máquinas, e expón os resultados empregando as TIC.						
--	--	--	--	--	--	--	--

Tendo en conta o peso que ten cada estándar avaliable no curso obtemos a cuantificación máxima que alcanza cada competencia clave, e unha vez teñamos avaliados os estándares coñeceremos a cuantificación real obtida en cada competencia. Comparando a cuantificación real coa máxima obteremos o perfil competencial do alumno/a dentro da materia de Física e Química de 4º ESO

	Cuantificación real da competencia	cuantificación máxima da competencia	perfil competencial do alumno/a
Competencia en Comunicación Lingüística	a	0,9	a/0,9 . 100
Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía	b	10	b/10 . 100
Competencia Dixital	c	0,8	c/0,8 . 100
Competencia Aprender a Aprender	d	0,8	d/0,8 . 100
Competencias Sociais e Cívicas	e	0,55	e/0,55 . 100
Competencia de Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor	f	0,65	f/0,65 . 100
Competencia en Conciencia e Expresións Culturais	g	0,55	g/0,55.100

### e) CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

A concepción da aprendizaxe como proceso de transvase de coñecementos do profesor ós estudantes é hoxendía inaceptable, xa que, dacordo con esa concepción, a tarefa do profesor limitaríase a expor con detalle e claridade os coñecementos que desexaría que aprendesen os seus alumnos e alumnas, mentres que a destes sería atender ás súas explicacións. Na actualidade a organización de ensinanza aprendizaxe esíxelle ao profesorado adoptar estratexias didácticas e metodolóxicas que orienten a súa intervención educativa.

Seguiremos os seguintes principios metodolóxicos: participación activa do alumno no proceso de aprendizaxe, formación práctica e profesional de base, atención á diversidade mediante un proceso de ensinanza individualizada e as posibles adaptacións curriculares que sexan necesarias para cada situación, co fin de acadar aprendizaxes significativas e responder ó principio. É dicir, pretendemos que os alumnos relacionen os novos conceptos que incorporan ó corpo dos seus coñecementos entre si e cos que anteriormente posuían.

É fundamental que os/as alumnos/as traballen en equipo, para que asimilen con naturalidade algunhas actitudes que son importantes para a integración social coma para un posible traballo futuro, xa sexa científico ou de calquera outra índole. As actividades experimentais propostas para ser realizadas no laboratorio escolar son un bo procedemento para acadar este propósito.

#### **f) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR**

- a) Para levar a cabo o anteriormente descrito, o seminario, ata agora, trataba de desenvolver as clases no laboratorio xa que deste xeito había unha aproximación directa do alumno tanto aos produtos químicos como a todo material non funxible e tiña preparado para cada clase fichas onde debían traballar os alumnos as distintas actividades. Por mor da situación especial que estamos a vivir por causa do Covid-19, anque non é posible, desenvolver todas as clases no laboratorio, trataremos de que os alumnos vaian ao laboratorio cando sexa posible, xa que no momento de realizar esta programación a situación está mellorando. O que decide o seminario é que todo o material que se vaia a utilizar sexa pasado ao alumnado a través da



aula virtual, e sempre que se poda, resolver as fichas de maneira " on line" . No caso de que una vez rematada una ficha,se a maioría dos alumnos, ou algún caso excepcional o solicitase, se reforzaría o material desenrolado na mesma, propoñendo una nova ficha, ou reforzando de forma especial no caso excepcional.

Asemade, o seminario decidiu acollerse ao ao proxecto educativo Edixgal. Polo tanto, teremos aquí tamén unha nova fonte de información e de comunicación co alumnado. No caso de que sexa necesaria máis información complementaria ás fichas,o alumno poderá acceder ao libros que temos no laboratorio, á biblioteca do centro así como á Internet. Contamos ademáis cunha impresora no laboratorio. O proxecto curricular está suxeito ás modificacións que o proceso de aplicación do mesmo fagan necesarias.

- b) A **secuenciación de contidos** realizouse tendo presente a lóxica da área, a proposta oficial do currículo, o nivel de maduración psicolóxica dos alumnos e a complexidade crecente de contidos dende o inicio da Etapa.

## g) CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN,CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación do traballo que se leve á cabo durante o curso será realizada en función dos seguintes apartados:

- **Notas de probas das fichas (60 % da nota final ):** O seminario propoñe que se fagan probas de cada ficha, agás cando a a materia quede repartida en dúas ou sexa moi pouca

materia para una ficha soa. Propoñerá ademais que non pase máis dunha semana dende o remate da ficha ata á data da proba. As probas estarán relacionadas directamente co material desenrolado en cada ficha.

### **Non haberá recuperacións particulares de fichas.**

- **Examen de avaliación (30 % da nota final):** Realizarase unha proba escrita ao finalizar a avaliación, sobre todos os contidos desenrolados ata ese momento. Esta proba pode constar de definicións, preguntas razoadas de resposta breve, exercicios ou problemas que o alumno de resolver correctamente

Á hora da corrección de exames/ fichas terase en conta os seguintes apartados na hora da valoración:

- Presentación
  - Ausencia de erros, claridade nos conceptos, descripción das relacións entre unhas actividades e outras, de modo que quedara claro como se construían os conceptos.
  - Exposición das propias ideas
  - Explicación cualitativa das expresións matemáticas empregadas na resolución das actividades de aplicación ( problemas, etc) e que os resultados numéricos sexan claros e visibles.
- 
- **Outros aspectos (10% da nota final):**
  - A **Observación directa** do alumno permitirá valorar o interese e o comportamento, a participación no traballo, así como o esforzo persoal.
  - Revisaranse as **fichas persoais** de cada alumno. Algunhas actividades deberán entregarse a través da aula virtual. Tamén poderemos traballar co proxecto Edixgal. Deben realizarse todas as actividades, exercicios, prácticas e traballos realizados na clase ou encomendado para casa. Prestarse especial atención ao orden e limpeza, así como a expresión escrita.

A cualificación de cada avaliación conséguese realizando a media ponderada dos apartados anteriores: A(60%), B(20%) e C(10%). En calquera caso, para poder ser calificado positivamente, o alumno deberá lograr unha cualificación igual ou superior a **3**, en cada un dos apartados anteriores.

O alumno superará a asignatura se **aproba tódalas avaliacións**. Aos alumnos suspensos nalgunha das dúas primeiras avaliacións realizaráselle unha **exame de recuperación**, durante o terceiro trimestre, sobre os contidos das devanditas avaliacións de xeito que o alumno pode superar a asignatura tamén tendo **dúas avaliacións aprobadas, e una terceira compensada**. Para que unha avaliación poda ser compensada con outra debe ter polo menos un **4** na devandita avaliación.

Como norma xeral, e como indicamos anteriormente, os exames das fichas somentes se realizarán a todo o grupo e na hora normal de clase e nas datas previamente fixadas. Isto é, **non se repetirán exames de fichas**. Se un alumno non se presenta **inxustificadamente** a un exame, a súa

calificación é cero. Se a ausencia á proba está **plenamente xustificada**, non se calificará dito exame, dispoñendo neste caso dunha nota menos para a calificación global do alumno.

**Excepcionalmente, se non é posible obter a calificación global dunha avaliación dun alumno, debido á ausencia completamente xustificada ao exame final do trimestre, podría repetirse o exame, nun horario diferente ao normal das clases da asignatura.**

Os alumnos que non superen a materia na convocatoria ordinaria de Xuño, recibirán un reforzo educativo ata que se celebre a proba extraordinaria. Neste período trataremos de facer unha fichas de traballo complementario para reforzar os aspectos máis febles de cada alumno que o necesite.

#### **h) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

De cara a avaliar o proceso de ensino e a práctica docente ao longo do curso, de ser posible ao rematar cada unha das unidades didácticas, iremos respondendo aos seguintes indicadores de logro:

	Sempre	Moitas veces	Algunhas veces	Nunca
--	--------	--------------	----------------	-------

Realizamos a programación didáctica da nosa materia seguindo estritamente o currículo?				
Realizamos a programación didáctica da nosa materia tendo en conta a estratexia educativa do centro?				
Analizamos a contribución da nosa materia ao desenvolvemento das competencias claves?				
Deseñamos as secuencias didácticas de xeito contextualizado e tendo en conta as competencias clave que temos que traballar co alumnado?				
Estrutturamos e organizamos as nosas secuencias didácticas dando unha visión xeral de cada unidade con guións, mapas conceptuais ou esquemas?				
Temos establecidas na programación de aula o deseño de a lo menos unha actividade integrada por unidade?				
Adoptamos estratexias e técnicas programando actividades en función dos estándares de aprendizaxe, das competencias clave e dos distintos tipos de contido referenciados no currículo en función das características do noso centro e máis especificamente do noso alumnado?				
Os instrumentos de avaliación establecidos na programación didáctica son variados e adecuados á tipoloxía dos estándares?				
Levamos á práctica os acordos do departamento á hora de avaliar?				
Planificamos a nosa práctica docente de forma coordinada co resto dos membros do departamento e profesores de apoio se corresponde?				
Conseguimos manter o interese do noso alumnado partindo das súas experiencias dun xeito claro e adaptado?				
Proporcionamos información sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas?				
Propoñemos aos nosos alumnos e alumnas actividades variadas (de introdución, motivación, desenvolvemento, síntese, consolidación, repaso,				

ampliación e avaliación)?				
Facilitamos a adquisición dos estándares a través de diversas metodoloxías?				

Adoptamos e favorecemos diferentes agrupamentos en función do momento, da tarefa e dos recursos, controlando en todo momento o clima de traballo?				
Utilizamos recursos didácticos variados, tanto dixitais como analóxicos, o mesmo para a explicación dos contidos coo para a práctica dos alumnos e alumnas, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos?				
Comprobamos, de xeitos diferentes, que os alumnos e as alumnas comprenden as tarefas a realizar e facilitamos e fomentamos estratexias de aprendizaxe?				
Proporcionamos información ao alumnado sobre a execución das tarefas e a súa mellora favorecendo procesos de auto e coavaliación?				
No caso de estándares insuficientemente alcanzados propoñemos novas actividades que faciliten a súa adquisición?				
Traballamos de xeito sistemático a comprensión lectora?				
Traballamos de xeito sistemático a expresión oral e escrita?				
Traballamos de xeito sistemático a comunicación audiovisual e as TIC?				
Traballamos e favorecemos de xeito sistemático situacións emprendedoras e de educación cívica e constitucional?				

Se a resposta a algunha ou algunhas das preguntas é nunca, deberá ser obxecto de actuación inmediata. Para decidir, a partir dos resultados, propostas de mellora cara o vindeiro curso, o proceso de autoavaliación completárase tendo tamén en conta os resultados académicos do alumnado.

#### **i) ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

Para 2º E.S.O. , trátase dunha asignatura nova e polo tanto non cabe a posibilidade de que haxa alumnos coa materia pendente.

Para 3º e 4º E.S.O. O departamento elaborará, para os alumnos con asignaturas pendentes, fichas de reforzo, con distintas actividades, para poder organizar as ideas e comprobar como progresa e que axuden ó alumnado a conseguir os obxectivos mínimos esixibles para a superación da materia.

As actividades, que posteriormente se avaliarán, serán dos seguintes tipos:

- Completar esquemas gráficos
  - Completar cadros relacionados con distintos temas
  - Completar cadros de comparación de características (físico-químicas)
  - Completar esquemas instrumentais
  - Usar factores de conversión para cambios de unidades
  - Procedementos de explicación de formación de compostos
  - Nomear e formular
  - Completar táboas nas que se ocultan datos que hai que calcular
  - Escribir configuracións electrónicas
  - Resolución de problemas sinxelos
  - Escribir e axustar reaccións químicas
  - Debuxar material de laboratorio
- 
- O xefe do departamento repartiralle as devanditas fichas aos alumnos/as con materias pendentes
- 
- os alumnos entregarán as fichas realizadas, sempre con antelación á data de avaliación, ao xefe de departamento, e éste, devolverállelas coas correspondentes indicacións
- 
- O non poderse desenvolver clases específicas de recuperación fora do horario lectivo, o departamento elaborará un horario para clarificar algunha dúbida; éste será coñecido polos alumnos afectados
- 
- O xefe do departamento, tendo en conta o alumnado que teña materias pendentes (circunstancias dos alumnos), estuduará a conveniencia de facilitarlles a superación da materia, de xeito fraccionado, antes da proba de maio. Para esto faranse de probas para o seguimento do alumno que se as supera considerárase que foi avaliado a xeito de avaliación continua. Para isto teremos en conta uns **criterios de avaliación mínimos esixibles**, que son os seguintes
    - Coñecer as unidades fundamentais do SI e utilizar correctamente factores de conversión
    - Saber representar gráficamente as leis dos gases
    - Clasificar elementos, compostos e mesturas e saber calcular a concentración dunha disolución en % en masa
    - Coñecer os conceptos de  $n^{\circ}$  atómico e  $n^{\circ}$  másico e, a partires deles, caracterizar átomos e isótopos.
    - Escribir configuración electrónicas de átomos e ións
    - Formular e nomear compostos orgánicos e inorgánicos sinxelos
    - Calcular o número de moles e moléculas
    - Axustar ecuacións químicas sinxelas
    - Coñecer as magnitudes eléctricas principais.

j) .....

## **k) DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS**

O seminario considera que, con respecto á Física e Química, imos enfocar a avaliación inicial dende dous puntos de vista.

En primeiro lugar non esquecer o nivel de partida do grupo de alumnos/as, xa que se trata dunha materia con forte xerarquización dos coñecementos. Para eso consideramos necesario facer unha especie de avaliación cero, procedemento que podería consistir no seguinte:

- Recollida de información de cada un dos alumnos/as sacados dos informes individualizados da avaliación
- Faremos unha proba de rendimento
- Comparando o nivel de rendemento demostrado polos alumnos/as nos instrumentos utilizados, deberemos coñecer as súas fortalezas ou facilidades e as súas debilidades ou dificultades.
- Realizada a comparación, podemos establecer para cada alumno o nivel de partida.

En segundo lugar, en cada unidade daremos prioridade aos seguintes puntos:

- Faremos un enfoque da unidade
- Tratar de averiguar o que os alumnos xa coñecen
- Ter sempre en conta a previsión de dificultades.

## **l) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A E.S.O. organízase dacordo cos principios de educación común e atención á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas dos estudantes e á consecución das competencias básicas e aos obxectivos do curso. Atender á diversidade do alumnado e conseguir unha mellora dos resultados académicos pode requirer a adopción de medidas como agrupamentos flexibles, apoio en grupos ordinarios,

desdoblamentos, adaptacións do currículum, etc . Para contribuir a esta tarefa, presentamos unha serie de medidas. Entre as posibles medidas de atención á diversidade teremos:

a) a selección das actividades máis axeitadas para cada persoa, grupo de persoas ou situación particular da clase, proceso que pode vir facilitado pola diversa complexidade das mesmas, que responda a tres niveis de dificultade (baixa, media e alta) segundo os seguintes criterios:

#### **Nivel baixo (B)**

Se a cuestión ten en conta unha soa variable para a súa resolución.

Requírese un nivel de razoamento baixo, hai que lembrar algo aprendido.

Se só é necesario consulta-lo libro para resolverla.

Para contestar é preciso ter en conta unicamente os conceptos da UD que se está traballando.

#### **Nivel medio (M)**

O número de variables a manexar é de dúas ou tres.

Requírese un nivel de razoamento medio, é necesario lembrar e asociar dous ou tres datos.

Se é necesario manexar outra fonte de información ademais do libro de texto.

Se se precisa manexar conceptos aprendidos noutras UD distintas do mesmo libro de texto.

#### **Nivel alto (A)**

É necesario manexar un número elevado de variables para responder.

O nivel de razoamento necesario é alto, o alumno ten que manexar máis de tres variables.

Precísase manexar varias fontes informativas (bibliográficas ou outras) para responder.

Se deben terse en conta conceptos doutros cursos para contestar.

- b) repartir as tarefas no seno do grupo tendo en conta as distintas capacidades dos seus membros.
- c) solicitar a axuda do departamento de Orientación para detectar aos alumnos que precisen tal intervención.

#### **m) CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

A continuación recóllense os elementos transversais que se traballaran ao longo do curso:

- **Comprensión Lectora:** traballarase mediante a interpretación dos enunciados dos problemas, das situacións-problema reais e de diferentes textos científicos.
- **Expresión Oral e Escrita:** traballarase nos debates, nas exposicións, nos informes de laboratorio e nas presentacións dixitais.



- Comunicación Audiovisual: traballarse nas presentacións dixitais.
- Tecnoloxías da Información e da Comunicación: traballarse nas presentacións dixitais, no uso de aplicación informática para o tratamento dos datos experimentais e nas simulacións experimentais.
- Emprendemento: traballarse potenciando a creatividade, o traballo en equipo, a iniciativa e o sentido crítico.
- Educación Cívica e Constitucional: traballarse fomentando o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

#### **n) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EXTRAESCOLARES**

En principio, para este curso non se ten previsto facer actividades extraescolares

#### **\* TICS**

O Plan de introducción das tecnoloxías da información e da comunicación está enmarcado nas accións que se dispoñen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e ten como finalidade que

as tecnoloxías da información e a comunicación se incorporen como un recurso máis aos procesos de ensino aprendizaxe.

Este plan ( recollido no anexo V do decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia ) vai a contribuír a que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

#### **Dotación actual importante do centro de secundaria:**

- Aula de informática
- 10 ordenadores con conexión a internet que conforman unha rede local
- 1 ordenador sen conexión a internet
- 1 impresora
- 1 escáner
- Biblioteca
- 1 ordenador con conexión a internet en rede ca aula de informática
- 4 ordenadores con conexión a internet
- 1 impresora
- 1 escáner
- Laboratorio
- 1 ordenador con conexión a Internet
- 1 impresora
- Pizarra dixital/proxector

Como principais obxectivos teremos:

- Desenrolar este curso a través da aula virtual.
- Traballar cos ordenadores do proxecto Edixgal

#### **\* TRATAMENTO DE FOMENTO Á LECTURA**

Programación de actividades para o fomento de hábitos de lectura:

O Plan de fomento á lectura trata de lograr obxectivos como os seguintes:

- Despertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora en relación cas ciencias da natureza
- Formar lectores competentes no ámbito escolar
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de disfrute persoal

- Fomentar no alumno, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica no seu entorno
- Usar a biblioteca para o aprendizaxe e como fonte de pracer.

Considérase que a aprendizaxe significativa de cada área só pode realizarse a través da lectura comprensiva dos seus textos xa que ésta é imprescindible para que os alumnos entendan, asimilen e recorden os conceptos de cada unha delas polo tanto é necesario:

-Seleccionar lecturas tendo en conta os diferentes niveis de dificultade no contido e no vocabulario.

-Proporcionarlle ao alumnado unhas técnicas de lectura claras e sinxelas que se adapten aos diferentes textos, tendo en conta non só os niveis de dificultade senón tamén a finalidade da lectura.

-Aproveitar as oportunidades lectoras que se presenten na clase e fóra dela, :titorías, traballos de aula, obradoiros, etc.

-Contaxiar a paixón pola lectura, como fonte de lecer, de información e coñecemento.

-Contar feitos, historias, experiencias, contos, etc. para que o alumnado os escoite nas linguas que se traballen.

-Ler textos de todo tipo e en todos os soportes e en varias linguas, como modelo lector.

-Reservar un tempo cada día, nas aulas, para ler “ sen pedir nada a cambio”.

-Apoiar o traballo de aula con libros de información e de ficción, atractivos , interesantes, actualizados e adaptados a cada idade.O mesmo se pode facer con outro tipo de soportes.

-Recomendar libros científicos-tecnolóxicos dende as aulas para que o alumnado os descubra e os lea.

-Promover o intercambio de opinións entre o alumnado, recomendando libros, música, películas que lles gustaron e lles foron útiles.

Para todo esto o Centro puxo en marcha un proxecto lector do de disfrutan todos os alumnos, dedicando vinte minutos cada día á lectura, incluído no horario lectivo.

## **ñ) MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

Unha vez finalizado o curso, a programación do Departamento de Física – Química será avaliada conforme aos criterios que indicamos a seguir:

- Se os contidos de cada un dos niveis foron apropiadamente cumprimentados e o grao de adquisición das competencias básicas.
- Valoraranse os motivos dos posibles fallos de cumprimentación.

- Se os obxectivos formulados para cada nivel foron atinxidos.
- Valoraranse os motivos que existan acerca dos fallos para a consecución deste obxectivos.
- Se foi ou non cumprimentada a temporalización que se estableceu.
- Valorarase a metodoloxía utilizada, se foi ou non a adecuada.
- Valoraranse os libros de texto empregados, se se adecúan ou non aos obxectivos.
- Valorarase a cumprimentación das competencias básicas.
- Valorarase a significación dos recursos didácticos empregados na consecución dos obxectivos finais

A autoavaliación da propia programación así como o desenvolvemento da mesma completárase ao rematar cada avaliación respondendo aos seguintes indicadores de logro:

	Si	Non
O desenvolvemento da programación axustouse aos obxectivos programados?		
O desenvolvemento de contidos foi axeitado e realizouse na súa totalidade?		
Traballáronse a totalidade dos contidos programados?		
Non houbo dificultades en ningunha parte do temario?		
Aplicáronse os criterios de avaliación?		
O desenvolvemento das actividades axustouse á temporalización prevista?		
Os espazos formativos utilizáronse segundo as necesidades da programación e dentro das súas posibilidades?		
Os materiais didácticos utilizáronse segundo as necesidades da programación e dentro da súa dispoñibilidade?		
Non houbo alumnos e alumnas que recuperar?		
Fixéronse as actividades complementarias?		

As respostas negativas implicarán ter que utilizar medidas correctoras e propostas de mellora tanto para a modificación da distribución dos contidos, como dos métodos pedagóxicos, da temporalización ou dos criterios sobre a avaliación.

Todo isto analizarase a fondo, de novo, ao finalizar o curso e quedará reflectido na correspondente memoria. Por outra banda, folga dicir que non todos os grupos funcionan do mesmo xeito, nin amosan o mesmo interese nos distintos temas, o que supón ter que variar, ás veces, as estratexias para a mellor comprensión en distintos momentos do curso.

## **PLAN DE CONTINXENCIA DO CPI PONTE CARREIRA**

O Plan de Continxencia do centro educativo do CPI Ponte Carreira ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

## **ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO**

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
  2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
  3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O traballador que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
  4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.
  5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para as ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
- Rúa do Ensino s/n 15686 Gafoi – Frades  
Tfnos: 881880671 – 881880672  
cpi.ponte.carreira@edu.xunta.es ,  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cpipontecarreira>  
CPI Ponte Carreira
6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.
  7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación , a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de

persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

1. A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e o do profesorado asignado a ese grupo.

2. Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación as normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

## **ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

1. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo propio profesor ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o profesorado poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

2. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teñan dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Rúa do Ensino s/n 15686 Gafoi – Frades

Tfnos: 881880671 – 881880672

[cpi.ponte.carreira@edu.xunta.es](mailto:cpi.ponte.carreira@edu.xunta.es) ,

<http://www.edu.xunta.es/centros/cpipontecarreira>

CPI Ponte Carreira

3. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

4. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

1. Se un ou varios alumnos están confinados:

a) Trasladar as familias e ao alumnado toda a información que se de ao alumnado que siga ca ensinanza presencial.

b) Facer un seguimento do alumnado con suspensión das actividades presenciais para tomar as decisións oportunas en cada caso.

c) Facilitar en todo o posible a continuidade da actividade presencial a través dos medios telemáticos necesarios para que non se produza un retroceso na aprendizaxe do alumnado afectado.

d) Limitar a canle de comunicación usando preferentemente a aula virtual, no caso de problemas de comunicación, canalizarse a información a través da titora.

2. Se todo o alumnado está confinado:

a) O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo propio profesor ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o profesorado poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

b) Segundo o número de horas semanais da materia, realizará polo menos 1 vez/semana unha vídeo conferencia, preferentemente en horario de mañá.

c) Non se deben de poñer mais tarefas das que se poñerían no caso de que fora ensino presencial.

d) Utilizarse a aula virtual como medio de comunicación preferente

